



FACULTADE DE FILOLOXÍA
DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

Sociolingüística

Románica

Francisco Fernández Rei

GUÍA DOCENTE E MATERIAL DIDÁCTICO

2011/2012

FACULTADE DE FILOLOXÍA. DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

AUTOR: Francisco Fernández Rei
Edición electrónica. 2011

ADVERTENCIA LEGAL: Reservados todos os dereitos. Queda prohibida a duplicación total ou parcial desta obra, en calquera forma ou por calquera medio (electrónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros) sen consentimento expreso por escrito dos autores.

Sociolingüística Románica

Curso 2011-2012

1. DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA

- Nome e código: **Sociolingüística Románica** (G5081345)
- Tipo de materia: Obligatoria no GRAO EN LINGUAS E LITERATURAS MODERNAS (*Maior en Filoloxía Románica*).
- Curso en que se imparte: 3º curso, 1º cuatrimestre
- Número de créditos teóricos e prácticos: 6 créditos ECTS
- Prerrequisitos recomendados: Ningún
- Profesor(es) que a imparte(n): **Francisco Fernández Rei**
- Lingua(s) en que se imparte: galego
- Horas e lugar de **titorías**: luns de 9:30h a 12h e martes de 9:30h a 13h no despacho 204 do Departamento de Filoloxía Galega da Facultade de Filoloxía . As titorías personalizadas, relacionadas coa implantación do sistema de créditos europeos (ECTS), terán lugar os luns, de 10h a 12 h.
 - Teléfono de contacto: **881 811828**
 - e-mail de contacto: ilgpaco.rei@usc.es (recoméndase utilizar preferentemente este medio cando non se requira a presenza directa para calquera consulta)
- Páxina web recomendada: www.usc.es/filrom

Horario de clases:

Luns, de 12 a 14h (aula 15); Martes, de 13 a 14h (aula 14)

Datas oficiais de exames:

17/01/2012, 09:00h, aula 4

02/07/2012, 09:30h, aula 2

2. SENTIDO DA MATERIA NO PLAN DE ESTUDOS

O obxectivo fundamental do itinerario do *Maior* en Filoloxía Románica é potenciar a dimensión europea dos estudos lingüísticos e literarios coa explicación da xénese e da evolución da familia lingüística que ten a súa orixe no latín; e asemade quérese explicar a pervivencia e transformacións que experimenta na Idade Media a herdanza cultural, especialmente literaria, do antigo Imperio Romano.

Na materia *As linguas da Romania* do 1º curso o estudiantado adquire un coñecemento fundamental sobre cales e cantas son as linguas e dialectos románicos, onde se falan, cal é a súa orixe, como se forxou o proceso de individualización de cada unha delas a partir do latín, a historia da súa formación e os principais problemas da estandarización, tanto individualmente como en conxunto; e na materia *A emerxencia das linguas románicas* do 2º curso adquire, entre outros, coñecementos lingüísticos sobre as distintas linguas románicas nas súas fases máis primitivas, ademais de coñecementos específicos sobre as particularidades do romanés e do sardo, linguas románicas en territorios illados.

Despois da presentación das linguas románicas que o estudiantado tivo en 1º curso e do estudo da súa emerxencia en 2º, coa materia de *Sociolingüística Románica* de 3º preténdese mostrar a complexidade do mapa actual dos estándares románicos “baixo presión”, analizar o plurilingüismo europeo de hoxe en día e as consecuencias da minorización na Romania, e tamén ver a creación de conceptos básicos do estudo das situacións de conflito lingüístico e a súa aplicación á romanística. En certo modo, esta materia serve de presentación ás *Variedades románicas minorizadas* do 2º cuadrimestre do curso 3º no que se tratará basicamente a situación sociolingüística actual desas linguas e variedades tanto no relativo ó estatus como á elaboración literaria.

O módulo lingüístico do *Maior* en Filoloxía Románica complétase coa materia *Principios de Lingüística Románica* de 2º curso (2º cuadrimestre) coa que o alumnado se inicia no estudo histórico-comparativo das linguas neolatinas para intentar comprender os mecanismos que levaron ás diferenzas entre as linguas románicas actuais, así como os elementos comúns conservados. Esta materia serve como presentación do estudo de detalle que se desenvolverá nas materias de *Lexicografía e semántica románicas* de 3º curso (1º cuadrimestre) e nas de *Fonética e fonoloxía románicas* e *Morfosintaxe románica* de 4º curso (2º cuadrimestre).

3. OBXECTIVOS E COMPETENCIAS DA MATERIA

Os principais **obxectivos** da materia de *Sociolingüística Románica* son:

- Analizar conceptos básicos para o estudo da tipoloxía das situacións de conflito lingüístico na Romanía.
- Analizar o nacemento e recoñecemento de novas linguas románicas e o mapa actual dos estándares románicos “baixo presión”.
- Analizar o plurilingüismo europeo e as consecuencias da minorización na Romanía: bilingüismo, diglosia, macrodiglosia e abandono da lingua.
- Proporcionar coñecemento esencial sobre as políticas lingüísticas e o proceso de constitución das linguas románicas estatais e a consecuente minorización das outras variedades
- Analizar o caso especial das linguas crioulas de base románica.

As **competencias xenéricas** propias do *Maio* en Filoloxía Románica son:

- Visión global da familia lingüística románica dende unha perspectiva histórico-comparativa
- Intercomprensión das linguas románicas actuais
- Coñecemento e análise comparativa do panorama literario desenvolto nestas linguas durante a Idade Media
- Capacidade para editar e interpretar textos medievais en linguas románicas
- Comprensión da evolución desa literatura ata a actualidade
- Uso e elaboración de bases de datos e recursos electrónicos relacionados coas linguas románicas e coa literatura románica medieval

As **competencias específicas** para acadar co estudo desta materia son:

- Apreciar a relatividade de conceptos como lingua e dialecto.
- Comprender os trazos comúns do plurilingüismo social no mundo románico.
- Coñecer a actitude dos estados latinos fronte á diversidade cultural do seu territorio.
- Obter unha noción básica da situación das linguas e variedades románicas minorizadas.
- Familiarizarse coa metodoloxía dos estudos sociolingüísticos e coa súa metodoloxía.

4. CONTIDOS (TEMARIO)

0. Introducción.

- 0.1. Xeneralidades sobre os contidos da materia.
- 0.2. Audición e comentario de textos modernos de diversas linguas, particularmente minorizadas.

Bloque 1. Sociolingüística, lingüística de contacto e romanística. Conceptos varios: xénese e aplicación ás linguas e variedades románicas minorizadas.

Tema 1. Sociolingüística (micro e macrosociolingüística) e variación (socio)lingüística.

Tema 2. Lingua, dialecto e variedade. Lingua minorizada e lingua polinómica.

Tema 3. Bilingüismo, diglosia e alternancia de código. Sociolingüística do conflito. Representacións sociolingüísticas.

Tema 4. Normalización e planificación lingüística.

Tema 5. Pidgin, crioulo e lingua franca. Variedade fronteiriza.

Bloque 2. Linguas e variedades románicas estandarizadas e a súa clasificación.

Tema 6. Clasificacións xenético-históricas e clasificacións tipolóxicas.

Tema 7. Termos clave do modelo dualista de Kloss e a súa adaptación ás linguas románicas: o modelo relativista de Muljačić.

Tema 8. Nacemento e recoñecemento de novas linguas románicas e a clasificación dos estándares románicos “baixo presión”

Bloque 3. Plurilingüismo: contacto e conflito de linguas na Romania europea.

Tema 9. As linguas minorizadas de Europa (con atención especial ás da Unión Europea). O seu recoñecemento nas diferentes Constitucións. O espazo para as linguas minorizadas na Babilonia de Europa e no mundo globalizado. Política Europea sobre as linguas minorizadas.

Tema 10. Tipoloxía das situacións lingüísticas (diglosia, macrodiglosia e dilalía) en estados europeos: España, Portugal, Francia, Bélxica, Italia, Suíza, Romanía e Moldavia.

Tema 11. As políticas lingüísticas da Europa occidental desde o século XV á actualidade. Situación legal das linguas e variedades minorizadas (con especial atención a las linguas de España).

Bloque 4. *Linguas crioulas e linguas francas*

Tema 12. Crioulos románicos e a súa importancia para a sociolingüística: crioulos franceses, portugueses e españois.

Tema 13. Linguas francas: o italiano en boca oriental

Tema 14. O spanglish e outros casos de mistura romance / non romance

5. BIBLIOGRAFÍA BÁSICA E COMPLEMENTARIA

[Sinálanse con asterisco (*) artigos e capítulos de libros que se van comentar nas clases ou ben obras de consulta recomendada para a preparación de temas ou do traballo obrigatorio que se indica no apartado 7. A letra [R] no final dalgúñas fichas bibliográficas indica as obras sobre as que se pode facer a recensión escrita a que tamén se fai referencia no citado apartado 7]

- Alén Garabato, M^a C. (ed.) (2003): *O occitano, lingua europea. L'occitan, lenga europèa*. Santiago de Compostela: Universidade.
- *Alén Garabato, M^a C. / Valcárcel Riveiro, C. (2001): "A República Francesa e as 'linguas rexionais ou locais': a situación do occitano e das linguas oilitanas", *A Trabe de Ouro* 47, 35-59.
- Bentolila, A. / Gani, L. (1981): "Langues et problèmes d'éducation en Haïti", *Langages* 61, 117-127.
- Berruto, G. (1988): "Sociolingüística" [Italia], en Holtus/ Metzeltin/ Schmitt (eds.): *Lexikon der Romanistischen Linguistik (LRL) IV*, 220-230
- *Berruto, G. (1995): *Fondamenti di sociolinguistica*. Bari: Laterza. [R]
- Blanchet, Ph. (1991): "Pour la reconnaissance du droit des locuteurs à disposer de leur idiome: un nouveau principe linguistique", *Langage et Société* 55, 85-94.
- Bochmann, K. (1985): "Quel modèle de développement lexical pour les langues romanes en voie d'émancipation", *Actes du XVIIe Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes. (Aix-en-Provence, 29 août – 3 septembre 1983)*. Aix-en-Provence: Université de Provence, XVII 191-201.
- *Bochmann, K. (1992): "Observacións sociolingüísticas sobre a lingua galega", en *Actas do I Congreso Internacional da Cultura Galega*. [Santiago de Compostela]: Xunta de Galicia, [1992], 371-374 [de interese sobre a xénese de conceptos básicos para as denominacións das linguas minorizadas]
- *Bochmann, K. (2000): "Galicia e Moldavia ante o problema da lingua", *Grial* 147, 489-502.
- *Boyer, H. (1986): "'Diglossie': un concept à l'épreuve du terrain. L'élaboration d'une sociolinguistique du conflit en domaines catalan et occitan", *Lengas* 20, 21-53.
- Boyer, H. (1991): *Éléments de sociolinguistique. Langue, communication et société*. Paris: Dunod. [R]
- *Boyer, H. (dir.) (1996): *Sociolinguistique: territoire et objets*. Lausanne/Paris: Delachaux et Niestlé. [R]
- Boyer, H. (éd.) (1997): *Plurilinguisme: "contact" ou "conflict" de langues?* Paris / Montréal: L'Harmattan. [R]
- Boyer, H. (2003): "A procura nacional do unilingüismo e as outras linguas de Francia... exceptuando o francés. La cèrca nacionala de l'unilingüisme e las outras lengas de França... levat lo francés", en Alén Garabato (coord.): *O occitano, lingua europea*, 21-28.
- *Branca-Rosoff, S. (1996): "Les imaginaires des langues", en Boyer (dir.) (1996): *Sociolinguistique*, 79-104.
- Calvet, L.-J. (1993): *L'Europe et ses langues*. Paris: Plon.

- Calvet, L.-J. (1995): *A guerra das linguas e as políticas lingüísticas*. Santiago de Compostela: Laivento (traducción de X. M. Garrido Vilariño de *La guerre des langues et les politiques linguistiques*, 1987).[R]
- *Calvet, J.-L. (1996): *Les politiques linguistiques*, PUF, Paris.
- Calvet, J.-L. (2002): *Le marché aux langues. Les effets linguistiques de la mondialisation*, Plon, Paris.
- *Cichon, P./ Kremnitz, G. (1996): "Les situations de plurilinguisme", en Boyer (dir.) (1996): *Sociolinguistique: territoire et objets*, pp. 115-46.
- Coluzzi, P. (2007): *Minority language planning and micronationalism in Italy. An analysis of the situation of friulian, cimbrian and western lombard with referente to spanish minority languages*. Bern: Peter Lang..
- *Comisión Europea (1996): *Euromosaic. Producción y reproducción de los grupos lingüísticos minoritarios de la UE*. Oficina.
- *Constenla Bergueiro, G./ Luna Alonso, A. (eds.) (2003): *Linguas sen estado e planificación lingüística (I): Italia e Francia*. Vigo: Universidade de Vigo.
- Consello de Europa, *Carta europea das linguas rexionais e minoritarias* (edicións en varios idiomas).
- Costas, X. H.: *Guía das linguas de Europa*. Santiago: Positivas, 2002.
- D'Andrés, R. (2002): "L'asturianu mínimu urbanu. Delles hipótesis", *Lletres Asturianas* 81, pp. 21-38.
- Dürmuller, U. (1997): *L'évolution du plurilinguisme. D'une Suisse quadrilingue à une Suisse multilingue*. Zurich: Pro Helvetia.
- Fasold, R. (1987): *The Sociolinguistics of Society*. Oxford: Basil Blackwell.
- *Ferguson, Ch. (1959): "Diglossia", *Word* 15, 325-340.
- Fernández Rei, F. / Santamarina Fernández, A. (eds.) (1999): *Estudios de sociolingüística románica. Linguas e variedades minorizadas*. Santiago de Compostela: Universidade.
- *Fernández Rei, F. (2001): "A situación das minorías étnico-lingüísticas da República Italiana", *A Trabe de Ouro* 47, 13-34.
- *Fernández Rei, F. (2003): "As linguas románicas minorizadas e o seu futuro na era da globalización", en A. Bringas López / B. Martín Lucas (eds.): *Nacionalismo e globalización: lingua, cultura e identidade*. Vigo: Universidade de Vigo, 23-52.
- *Fernández Rei, F. (2007): "Plurilingüismo y contacto de linguas en la Romania europea", en J. E. Gargallo Gil / M^a R. Bastardas (coords.): *Manual de lingüística románica*, 477-516.
- Fernández Rei, F. (2010): "Nacemento e recoñecemento de novas linguas románicas. Plurilingüismo e contacto na Romania europea", en C. Alén Garabato / X. A. Álvarez / M. Brea: *Quelle Linguistique Romane au XXI^e siècle?* Paris: L'Harmattan, 153-178.
- *Fishman; J. A. (1985): "Domains and the Relationship between Micro- and Macrosociolinguistics", en J. J. Gumperz / D. Hymes: *Directions in Sociolinguistics. The Ethnography of Communication*. Basil Blackwell, 435-453.
- Francescato, G. (1980): "A proposal for the classification of romance languages", in H. J. Izzo (ed.): *Italic and Romance. Linguistic Studies in Honor Erns Pulgram*. Amsterdam: Jon Benjamins B. V., 75-83.
- *Gardy, Ph. / Lafont, R. (1981): "La diglossie comme conflit: l'exemple occitan", *Langages* 61, 75-91.

- Gargallo Gil, J. E. (2001): “Aranés, mirandés, ¿valego? Tres enclaves romances de fronteira, tres retos de supervivencia e preservación da identidade na Europa do novo milenio”, *A Trabe de Ouro* 47, 61-77.
- Gargallo Gil, J. E. / Bastardas, M^a R. (coords.) (2007): *Manual de lingüística románica*. Barcelona: Ariel.
- *Gimeno Menéndez, F. (1990): *Dialectología y sociolingüística españolas*. Alicante: Universidad.
- *Giordan, H. (1992): *Les Minorités en Europe. Droits Linguistiques et Droites de l'Homme*. Paris: Éditions Kimé. [Trata fundamentalmente das situacións legais].**[R]**
- *Goebel, H. (1992): “A proposito di ‘elaborazione lingüística’”, *Mondo ladino* 1/2, 9-26.
- Goebel, H./ Nelde, P. H. / Starý, Z. / Wölck, W. (eds.) (1996): *Kontaktlinguistik. Contact Linguistics. Linguistique de contact. Ein internationales Handbuch zeitgenössischer Forschung. An International Handbook of Contemporary Research. Manuel international des recherches contemporaines*, 2 vol. Berlin/New York: Walter de Gruyter.
- *Gross, M. / Cathomas, B. / Furer, J.-J. (1996): *Retoromancio. Facts and figures*. Coira: Lia rumantscha.
- *Green, J. N. (1993): “Representations of Romance: contact, bilingualism and diglossia”, en R. Posner / J. N. Green (eds.) (1993): *Trends in Romance Linguistics and Philology*, vol. 5, 3-40.
- Haugen, E. (1966): “Dialect, Language, Nation”, *American Anthropologist* 68, 922-935.
- *Hazaël-Massieux, G. / De Robillard, D. (1993): “Bilingualism en linguistic conflict in (French) Creole-speaking societies”, en R. Posner / J. N. Green (eds.) (1993): *Trends in Romance Linguistics and Philology*, vol. 5, 383-406.
- Hazaël-Massieux, M.-Ch. (2000): “Les créoles sont-ils des langues en danger?”, *Memoirs de la Société de Linguistique de Paris*. Nouvelle série, VIII,. *Les langues en danger*. Peeters, 195-208.
- Hoinkes, V. (1995): “‘Distància’ i ‘grau d’elaboració’: nous parameters per a una lingüística de varietats?”, *Estudis de lingüística I filologia oferts a Antoni M. Badia Margarit*, I, Dep. De Filologia Catalana (Universitat de Barcelona). Publicacions de l’Abadia de Montserrat, 379-392.
- Holtus, G. / Metzeltin, M. / Schmitt, Ch. (eds.): *Lexikon der Romanistischen Linguistik (LRL)*. Tübingen: Max Niemeyer, 1988: IV *Italienisch, Korsisch, Sardisch. Italiano, Corso, Sardo*; 1989: III. *Die einzelnen romanischen Sprachen und Sprachgebiete von der Renaissance bis zur Gegenwart. Romänisch, Dalmatisch / Istroromanisch, Friulisch, Ladinisch, Bündnerromanisch. Les différentes langues romanes et leurs régions d’implantation de la Renaissance à nos jours. Le roumain, Dalmatico / Istroromanzo, Friulano, Ladino, le romanche*; 1990: vol. V,1 *Französisch. Le français*; 1991: V,2 *Okzitanisch, Katalanisch. L’occitan, le catalan*; 1992: VI,1 *Aragonesisch / Navarresisch, Spanisch, Asturianisch / Leonesisch. Aragonés / Navarro, Español, Asturiano / Leonés*; 1994; VI,2 *Galegisch, Portugiesisch. Gallego, Português*; 1995: II,2 *Die einzelnen romanischen Sprachen und Sprachgebiete vom Mittelalter bis zu Renaissance. Les différentes langues romanes et leurs régions d’implantation du Mogen Äge à la Renaissance*; 1998:

VII *Kontakt, Migration und Kuntsprachen. Kontrastivität, Klassifikation und Typologie. Langues en contact, langues des migrants et langues artificielles. Analyses contrastives, classification et typologie des langues romanes.*

- *Iliescu, M. (1969): "Ressemblances et dissemblances entre les langues romanes du point de vue de la morpho-syntaxe verbale", *Revue de Linguistique Romane* 33, 113-132.
- *Iliescu, M^a (1989): "La classification des langues romanes", in D. Kremer (de.): *Actes du XVIII^e Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes. Université de Trèves (Trier) 1986, 7*. Tübingen: Niemeyer, 65-79.
- *Joan i Marí, B. (1996): *Ganemos el catalán (el vasco, el gallego). Ventajas de la normalización lingüística*. Eivissa: Res Publica.
- *Kloss, H. (1967): "'Abstand Languages' and 'Ausbau Languages'", *Anthropological Linguistics*, 9/7, 29-41.
- Kremnitz, G. (1984): "Le créole aux Antilles françaises. Son emploi administratif et public", *Revista de Llengua i Dret* 4, 11-29.
- *Kremnitz, G. (1981): "Du 'bilinguisme' au 'conflit linguistique'. Cheminement de terms et de concepts", *Langages* 61, 63-73.
- Lafont, R. (1984): "Pour retrousser la diglossie", *Lengas* 15, 5-36.
- Lamuela, X. (1994): *Estandardització i establiment de les llengües*. Barcelona: Edicions 62.
- *Langeguch, J. R. (2009): *Geografia Política Lingüística. Línguas e dialetos na vida de povos e países*. São Paulo: Hucitec. [R]
- Ledegen, G. (2001): "Les 'parlers jeunes' salaziens dans l'évolution de la diglossie réunionnaise: une étape intermédiaire?", *Cahiers de Sociolinguistique* 6, 111-127.
- Lipski, J. M. / Schwegler, A. (1993): "Creole Spanish and Afro-Hispanic", en R. Posner / J. N. Green (eds.) (1993): *Trends in Romance Linguistics and Philology*, vol. 5,
- López Morales, H. (1989): *Sociolingüística*. Madrid: Gredos.
- *Lüdtke, J. (1986): "Situations diglossiques, variétés et conscience linguistique", en D. Kremer (ed.): *Actes du XVIII^e Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes. Université de Trèves (Trier) [19-24 mai] 1986*. Tübingen: Max Niemeyer, 121-128.
- *Magán Perales, J. M^a (2008): "El uso de la lengua en los procedimientos administrativos", *Lletres Asturianes* 97, 109-150.
- *Maia, C. de Azevedo (1992): "Minorias lingüísticas e sociolingüística", *Revista Portuguesa de Filologia* XX, 9-43.
- *Marcellesi, J. B. (1984): "La définition des langues en domain roman: les enseignements à tirer de la situation corse", en *Actes du XVII^e Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes (Aix-en-Provence, 29 août - 3 septembre 1983)*, vol. 5, 307-14 [sobre o concepto de polinomia]
- *Metzeltin, M. (2004): *Las lenguas románicas estándar. Historia de su formación y de su uso*. Uviéu: Academia de la Llingua Asturiana.
- Metzeltin, M. (2007): "Tipología. Partición de la Romania y tipos romances", en J. E. Gargallo Gil / M^a R. Bastardas (coords.): *Manual de lingüística románica*, 397-426.
- *Montes Giraldo, J. J. (1986): "Lengua-dialecto una vez más. La persistencia y actualidad de un viejo problema", *Thesaurus*, XLI/1-2-3, 23-41.

- *Montes Giraldo, J. J. (1988): "La definición de 'dialecto'", *LEA*, X/1, 55-59.
- *Muljačić, Ž. (1967): "Die Klassifikation der romanischen Sprachen", *Romanistisches Jahrbuch XVIII*, 23-37.
- *Muljačić, Ž. (1986): "L'enseignement de Heinz Kloss (modifications, implications, perspectives)", *Langages* 83, 53-63.
- *Muljačić, Ž. (1993): "Standardization in Romance", en Posner, Rebecca / Green, John N. (eds.): *Trends in Romance Linguistics and Philology. Bilingualism and Linguistic Conflict in Romance*, vol. 5. Berlin/ New York: Mouton de Gruyter, 77-114.
- *Muljačić, Ž. / Haarman, H. (1996): "Distance interlinguistique, élaboration linguistique et 'coiffure linguistique'", en Goebel, H./ Nelde, P. H. / Starý, Z. / Wölck, W. (eds.) (1996): *Kontaktlinguistik. Contact Linguistics*, 634-642..
- Muljačić, Ž. (1998): "La ripartizione areale delle lingue romanze", en Holtus/ Metzeltin/ Schmitt (eds.): *Lexikon der Romanistischen Linguistik (LRL) VII*, 873-92
- *Muljačić, Ž. (1999): "Estandarización de lenguas románicas 'baixo presión': unha proposta tipolóxica", en Fernández Rei/ Santamarina Fernández (eds.): *Estudios de sociolingüística románica*, 11-26.
- Munteanu, D. (1996): *El papiamento, lengua criolla hispánica*. Madrid: Gredos. [R]
- *Munteanu Colán, D. (2007): "Lenguas criollas de base románica", en J. E. Gargallo Gil / M^a R. Bastardas (coords.): *Manual de lingüística románica*, 427-451.
- Parajó Calvo, M. / Costas González, X. H.: "Posibilidades legais de equilibrio lingüístico no Bierzo occidental e as Portelas. Breve referencia á Terra Eo-Navia e ó val do río Ellas", *A Trabe de Ouro* 47 (2001), 91-104.
- Paufler, H.-D. (1997): "La noción de dialecto y las diferentes corrientes dialectológicas en el mundo hispánico", *Revista de Filología Románica* 14, 421-435.
- Perl, M. (1999): "Problemas actuales de la estandarización del papiamentu", en K. Zimmermann (ed.): *Lenguas criollas de base lexical española y portuguesa*, 251-260.
- *Petstchen Verdaguer (ed.) (1990): *Las minorías lingüísticas de Europa occidental: documentos (1492-1989)*, Parlamento Vasco, Vitoria, 1990.
- *Pietro, J.-F. (1988): "Vers une typologie des situations de contacts linguistiques", *Langage et société* 43 mars, 65-89.
- Plasseraud, Y. (dir.) (2005): *Atlas des minorités en Europe. De l'Atlantique à l'Oural, diversité culturelle*. Paris: Autrement.
- Pöckl, W./ Rainer, F./ Pöll, B. (2004): *Introducción a la lingüística románica*. Madrid: Gredos.
- Posner, R. (1996): *The Romance Languages*. Cambridge University Press.
- *Posner, R./ Green, J.N. (eds.) (1993): *Trends in Romance Linguistics and Philology*, vol. 5: *Bilingualism and Linguistics Conflict in Romance*. Berlin/New York: Mouton de Gruyter. [R]
- *Posner, R. (1993): "Language conflict in Romance: decline, death and survival", en R. Posner / J. N. Green (eds.) (1993): *Trends in Romance Linguistics and Philology*, vol. 5, 41-
- Riduejo, E. (coord.) (2004): *Las otras lenguas de España*. Valladolid: Universidad.
- Rindler Schjerve, Rosita (1998): "Sul cambiamento linguistico in situazioni di bilinguismo instabile: aspetti del codeswitching fra sardo e italiano", en Ruffino,

- Giovanni (ed.): *Atti del XXI Congresso Internazionale di Lingüística e Filologia Romanza. Centro di studi filologici e linguistici siciliani. Università di Palermo 18-24 settembre 1995*, vol V. Tübingen: Max Niemeyer, 589-602
- Schlösser, R. (2001): *Le lingue romanze*. Bologna: Il Mulino.
- *Siguán, M. (1992): *España plurilingüe*. Madrid: Alianza.[R]
- Siguán, M. (1995): *L'Europa de les llengües. Una proposa per a Europa basada en el multilingüisme, sense renunciar a la pròpia identitat lingüística*. Barcelona: Edicions 62. [R]
- *Stolz, Th. (1993): "Aspects of Creole: Portuguese bilingualism and linguistic conflict", en R. Posner / J. N. Green (eds.) (1993): *Trends in Romance Linguistics and Philology*, vol. 5, 453-491.
- *Thibault, A. / Torres Torres, A. (2007): "Otros casos de mixtura (romance/no romance)", en J. E. Gargallo Gil / M^a R. Bastardas (coords.): *Manual de lingüística románica*, 453-476.
- Trumper, John (1977): "Ricostruzione nell'Italia settentrionale: sistemi consonantici. Considerazioni sociolinguistiche nella diacronia", en Simone, Raffaele / Vignuzzi, Ugo: *Problemi della ricostruzione in linguistica. Atti del Convegno Internazionale di Studi, Pavia 1-2 ottobre 1975*. Roma: Bulzoni, pp. 259-310.
- Turell, M. (ed.) (2001): *Multilingualism in Spain. Sociolinguistic and Psycholinguistic Aspects of Linguistic Minority Groups*. Clevedon/Buffalo/Toronto/Sydney: Multilingual Matters.
- Valcárcel Riveiro, C. (1999): "Lingua, identidade e territorio na Bretaña: o galó, entre o bretón e o francés", en Iglesias Rábade, Luis/ Núñez Pertejo, Paloma (eds.): *Estudios de lingüística contrastiva*. Santiago de Compostela: Universidade.
- *Valman, A. (1986): "El uso del criollo como lengua de enseñanza y normalización en Haití", en M. Siguán (coord.): *Las lenguas minoritarias y la educación. X seminario sobre "Educación y lenguas"*. [Barcelona]: Promociones Publicaciones Universitarias.
- Vallverdú, F. (dir.) / Bañeres, J. (coord.) (2002²): *Enciclopèdia de la llengua catalana*, Edicions 62, Barcelona (2001).
- *Wardhaugh, R. (1992): *Introducción á sociolingüística*. Santiago de Compostela: Universidade. Servicio de Publicacións e Intercambio Científico (traducción de M. Cal Varela de *An Introduction to Sociolinguistics*, 1992². A 1^a ed. é de 1986).
- Widmer, J. (2004): *Langues nationales et identités collectives. L'exemple de la Suisse*. Paris: L'Harmattan.
- Zimmermann, K. (ed.) (1999): *Lenguas criollas de base lexical española y portuguesa*. Frankfurt am Main: Vervuert; Madrid: Iberoamericana. [R]

Algúns sitios interesantes de internet:

<http://www.sil.org/etnologue>

<http://www.mercator-education.org/>

<http://www.uoc.edu/euromosaic/>

<http://www.altabadia.it/ladins/>

<http://www.dobl-oc.com/Occitans/index.htm>

<http://www.ac-corse.fr/>

http://dmoz.org/Science/Social_Sciences/Language_and_Linguistics/Natural_Languages/Pidgins_and_Creoles/

<http://www.smo.uhi.ac.uk/saoghal/mion-chanain/en/>

<http://www.smo.uhi.ac.uk/saoghal/mion-chanain/en/>

http://www.tlfq.ulaval.ca/axl/Langues/acces_languesmonde.htm

<http://www.rosettaproject.org/live>

6. METODOLOXÍA E RECURSO

Combinarase a docencia teórica, con información básica sobre os distintos contidos da materia, coa práctica. O docente proporcionará información esencial sobre o patrimonio lingüístico da Europa románica, que non se reduce ás grandes linguas estatais. O alumnado deberá realizar pola súa conta lecturas programadas e os traballos que sinale o profesor.

A materia consta de 6 créditos ECTS, equivalentes a 150 horas de traballo do alumno, coa seguinte distribución para poder superala:

Actividades formativas co seu contido en horas para o alumnado			
Actividades presenciais	Horas	Actividades non presenciais	Horas
Sesións expositivas	30	Estudo e preparación de actividades programadas na clase	40
Sesións de seminario / laboratorio de idiomas / aula de informática...	15	Realización de traballos de diverso tipo	20
Sesiones de tutoría programadas	3	Lecturas	20
Sesións de avaliación	2	Preparación de exames	20
Outras actividades		Outras actividades (especificar)	
Total de horas de actividade presencial	50	Total de horas de actividade non presencial	100

7. SISTEMA DE AVALIACIÓN

Aplicarase un procedemento de avaliación continua. Farase un seguimento semanal do labor realizado por cada estudante, polo que se require a asistencia obrigatoria (como mínimo, nun 80% do total de horas previstas) tanto ás clases expositivas como ás interactivas e unha participación activa nelas, comentando as lecturas.

Ademais, cada estudante fará obrigatoriramente dous traballos: (a) unha **recensión** escrita dun dos libros que figuran na bibliografía, que se entregará antes do **15 de novembro**; (b) un **traballo escrito** sobre un tema (ou un aspecto) dos bloques 2, 3 ou 4 do programa, do que tamén fará unha exposición na clase e que se entregará antes do **15 de decembro**.

A porcentaxe na avaliación correspondente a cada actividade será: un 20% na asistencia regular e participación activa nas diferentes actividades; un 25% no dominio dos contidos teóricos e prácticos sobre comentarios específicos preparados para desenvolver nas aulas; un 25% na recensión e un 30% na exposición e traballo dun tema. Nestes dous traballos valorarase a calidade, orixinalidade, presentación, redacción e ordenación dos contidos.

De non participar nalguna das actividades previstas, xustificadas consonte co previsto na *Normativa de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior*, que o Consello de Goberno da USC aprobou en sesión do 25 de marzo do 2010, pode suplirse con traballos substitutorios.

Quen non poida seguir con regularidade ó curso, non realice os dous traballos (e a exposición dun deles) e os comentarios da clase ou ben non obteña unha nota mínima de 5 na avaliación final pode realizar un exame final con preguntas sobre os diferentes temas, que se fará na data oficial que se marque no calendario da Facultade de Filoloxía da USC.

8. OUTRAS INFORMACIÓNS DE UTILIDADE

Como se indicou no comezo do apartado 7 a asistencia continuada ás clases é obrigatoria non só pola exposición que o docente fará do esencial do programa da material, senón tamén porque nas clases se irán dando indicacións para completar eses contidos e sobre a elaboración dos comentarios e dos traballos obrigatorios.

É conveniente que o alumnado poida ler textos científicos en inglés, francés e italiano, porque boa parte da posible bibliografía que se vai usar está nestas linguas, aínda que se pode manexar bibliografía en galego e castelán, tal como se pode apreciar no apartado 5.

ORGANIGRAMA ESTIMADO DO CURSO

DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA	DATAS
O. Introducción: <i>Presentación da materia. Audición e comentario de textos de diversas linguas, particularmente minorizadas</i>	12, 13, 19, 20 /09/2011
Bloque 1. <i>Sociolingüística, lingüística de contacto e romanística. Conceptos varios: xénese e aplicación ás linguas e variedades románicas minorizadas.</i>	26, 27/09/11; 3,4,10,11 /10/2011
Bloque 2. <i>Linguas e variedades románicas estandarizadas e a súa clasificación.</i>	17,18,24,25,31 /10/2011
Bloque 3. <i>Plurilingüismo: contacto e conflito de linguas na Romania europea.</i>	7,8, 14, 15, 21,22,28,29 /11/ 2011; 5, 12/12/2011
Bloque 4. <i>Linguas crioulas e linguas francas</i>	13,19, 20/12/2011
Exposicións dos traballos escritos	9,10 /01/2012

PLANIICACIÓN DAS ACTIVIDADES

O estudantado ten que reservar semanalmente as horas necesarias para distribuír o traballo que debe realizar ben para lecturas previas para as clases expositivas e / ou interactivas ou para posibles comentarios ou exercicios. Debe ter en conta o traballo e datas dos dous traballos obrigatorios sinalados no apartado 7: a recensión, antes do 15 de novembro; o traballo antes do 15 de decembro e posteriormente fará a exposición na clase sobreo tema do traballo.

O profesor fará unha **Introdución** da materia o primeiro día das clases na que se dará unha visión global dos contidos de cada bloque temático e se explicarán as liñas xerais do traballo durante o cuadrimestre por parte do alunmando e do docente; e nas tres ou catro sesións seguintes, antes de enfrontarse ós bloques temáticos 1 e 2, bastante teóricos, a xeito de presentación práctica da materia farase unha audición e tradución de diversos textos modernos de linguas e variedades minorizadas (particularmente sardo, friulano, corso, occitano, catalán, aragonés e e asturiano) para familiarizarse con elas tanto a nivel oral como escrito. Trátase de ter un contacto coa oralidade e co sistema gráfico das linguas que se analizarán no bloque 3 e sobre todo na materia *Variedades*

románicas minorizadas. Das linguas estatais non ibéricas, en principio, só se fará unha audición e comentario gráfico do romanés, dada a súa particular situación de illamento. Neses días irase entregando material sobre o bloque 2 co que traballar nas clases.

Nas liñas que seguen preséntase o material bibliográfico co que se pretende traballar en cada un dos temas, ben nas clases, ben como material fundamental para a preparación da materia. As referencias completas das obras que se sinalan figuran na Bibliografía (apartado 5 da presente guía).

Nos volumes de Goebel / Nelde / Starý / Wölck (eds.) (1996): *Kontaktlinguistik. Contact Linguistics. Linguistique de contact* e nos de Holtus / Metzeltin / Schmitt. (eds.): *Lexikon der Romanistischen Linguistik (LRL)* (1988-1998) dese apartado 5 figuran moi diversas entradas para a práctica totalidade dos temas.

Tema 1. Sociolingüística (micro e macrosociolingüística) e variación (socio)lingüística.

Berruto: “Ambito della sociolingüística, aree e discipline contermini”, en Berruto (1995), 11-18 [lectura obrigatoria]

Boyer. “Les domaines de la sociolinguistique”, en Boyer (1996), 9-34

Boyer / Prieur.: “La variation (socio)linguistique”, en Boyer (1996), 35-77.

Fishman (1985)

Gimeno Menéndez.: “Sociolingüística”, en Gimeno (1990):131-162

Tema 2. Lingua, dialecto e variedade. Lingua minorizada e lingua polinómica.

Bochman (1992), particularmente as pp. 371-372

Fernández Rei (2007), particularmente as pp. 477-480

Maia (1992)

Marcellesi (1984)

Montes Giraldo (1986)

Montes Giraldo (1988)

Tema 3. Bilingüismo, diglosia e alternancia de código. Sociolingüística do conflito. Representacións sociolingüísticas.

Berruto: “Dilalia?”, en Berruto (1995), 242-250

Boyer (1986)

Branca-Rossof (1996)

Ferguson (1959)

Gardy / Lafont (1981)

Kremnitz (1981) [lectura obrigatoria]

Lafont (1984)

Tema 4. Normalización e planificación lingüística.

Boyer: “2. Les politiques linguistiques. 3. Un exemple européen de normalisation sociolinguistique: la langue catalane face au castillan en Catalogne autonome”, en Boyer (1991), 100-134.

Langeguch, J. R. (2009)

Joan i Marí: “En qué consiste la normalización lingüística”, en Joan i Marí (1996), 47-53.

Wardhaugh: “A planificación lingüística”, en Wardhaugh (1992), 391-417:

Tema 5. Pidgin, crioulo e lingua franca. Variedade fronteiriza.

Wardhaugh: “Os pidgins e os crioulos”, en Wardhaugh (1992), 73-109

Tema 6. Clasificacións xenético-históricas e clasificacións tipolóxicas.

Iliescu (1969)

Iliescu (1989)

Muljačić (1967)

Tema 7. Termos clave do modelo dualista de Kloss e a súa adaptación ás linguas románicas: o modelo relativista de Muljačić.

Goebel (1992)

Kloss (1967)

Muljačić (1986) [lectura obrigatoria]

Muljačić / Haarman (1996)

Tema 8. Nacemento e recoñecemento de novas linguas románicas e a clasificación dos estándares románicos “baixo presión”

Muljačić (1993)

Muljačić (1999) [lectura obrigatoria]

Tema 9. As linguas minorizadas de Europa (con atención especial ás da Unión Europea). O seu recoñecemento nas diferentes Constitucións. O espazo para as linguas minorizadas na Babilonia de Europa e no mundo globalizado. Política Europea sobre as linguas minorizadas.

Comisión Europea (1996): *Euromosaic*

Fernández Rei (2003)

Siguán(1992)

Tema 10. Tipoloxía das situacións lingüísticas (diglosia, macrodiglosia e dilalía) en estados europeos: España, Portugal, Francia, Bélxica, Italia, Suíza, Romanía e Moldavia.

Alén Garabato / Valcárcel Riveiro (2001) [Francia]:

Berruto, G. (1988): “Sociolingüística” [Italia]

Bochmann (2000) [Moldavia e Galicia]

Constenla Bergueiro./ Luna Alonso(eds.) (2003) [Italia e Francia]

Dürmuller (1997) [Suíza]

De Pietro (1988)

Fernández Rei (2007)

Green, (1993)

Lüdtke(1986)

Metzeltin (2004) [consulta imprescindible para os diversos dominios]

Posner (1993)

Tema 11. As políticas lingüísticas da Europa occidental desde o século XV á actualidade. Situación legal das linguas e variedades minorizadas (con especial atención ás linguas de España).

Calvet (1996)

Giordan (1992)

Magán Perales (2008)

Metzeltin (2004) [diversos capítulos]

Petstchen Verdaguer (1990)

Tema 12. Crioulos románicos e a súa importancia para a sociolingüística: crioulos franceses, portugueses e españois.

Hazaël-Massieux /De Robillard (1993)

Munteanu Colán (2007)

Stolz (1993)

Valman (1986)

Tema 13. Linguas francas: o italiano en boca oriental

Metzeltin (2004), pp. 271-297

Tema 14. O spanglish e outros casos de mistura romance / non romance

Thibault / Torres Torres (2007)